

Tarxeta Benvida para as nenas e nenos nados no 2022



A Xunta de Galicia habilitou un investimento de 32,2 millóns de euros para esta axuda de 100 euros ao mes durante o primeiro ano de vida do cativo, que ten como obxectivo atender os gastos que supón ampliar a familia, como a compra de alimentos infantís, cueiros, roupa, berces e produtos de hixiene ou farmacia.

Para acceder á Tarxeta Benvida durante o primeiro ano a renda anual familiar deberá ser inferior aos 45.000 euros ou menor de 13.500 euros per capita.

Desde o ano 2020, o Goberno galego introduciu **4** novidades:

- 1^a)** un complemento do 25% para as familias que vivan en concellos de menos de 5000 habitantes;
- 2^a)** un complemento para as familias numerosas, de xeito que os terceiros fillos e sucesivos perciban 2400 euros anuais desde o nacemento ata os tres anos;
- 3^a)** acilidades para a presentación de solicitudes por parte dos galegos retornados;
- 4^a)** posibilidade extraordinaria de ampliar a Tarxeta Benvida ata os catro anos para as familias en situación de especial vulnerabilidade.